

## Comentarios postos no blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

### Helena e o solpor

Helena e o solpor é un bo libro no que se narran as lembranzas dun mozo e os feitos que vive nunha importante época da súa vida. Ten unha temática difícil de definir, unha mestura entre o tema amoroso e o tema social xa que unha das lembranzas máis importantes é a dunha muller, Helena, da que namórase e outra moi importante é a preocupación pola posible perda do traballo do pai nunha familia modesta. Fóra do contido e a temática do texto non me gustou tanto a súa estrutura pois, dentro de cada solpor, narra sobre un tema cambia de parágrafo narra sobre outro e despois continúa co primeiro; iso resulta algo confuso. Outra cousa que tampouco me gustou foi que comenta ao principio do libro cousas sobre Daniel e Helena pero ata o terceiro solpor non se sabe nada sobre Daniel. Pareceume pouco interesante que, por exemplo, ao comezo de cada solpor fala sobre o que el chama "o seu cadro" e iso me pareceu bastante aburrido. Ademais enrólase moito en datos pouco importantes, cando o rematas dáste conta de que hai pouco que destacar e poderíase resumir destacando só os acontecementos máis importantes, que son poucos. Por outra banda gustoume como expresa os sentimentos e o mal que o pasou a familia do mozo cando morreu a súa tía xa que ao lelo ti tamén sentes a dor que sufriron. O libro nárrese en primeira persoa e algo que me pareceu moi curioso é que en ningún momento o protagonista di o seu nome. Outro dato que me pareceu moi curioso foi a relación que traiza entre a rapaza morena que ve algúns días sentada nun banco e contemplando o solpor con Helena pois a ela tamén lle gustaba moito montar en bicicleta e ir ata a montaña a contemplar o solpor e reflexionar. O meu personaxe favorito foi Daniel, o novo médico, pois ten unha actitude bastante peculiar, esta coxo dunha perna e a verdade e que me gustaría que o libro narrara máis información sobre que foi del antes de chegar a o barrio no que vivía o mozo e despois, cando pola desaparición de Helena marcha. Tamén me gustou unha intervención del con respecto ás batallas que narraba o tío do mozo que me fixo pensar que a perna coxa podería estar relacionada con que foi médico na guerra ou por algo parecido; a min persoalmente gústanme moito estes libros nos que podes relacionar os feitos coas túas propias ideas sobre como ou que pasou ou sobre que vai pasar. En definitiva gustoume moito a pesar dalgunhas partes, lese moi rápido e é bonito. (**Patricia**)

Helena e o solpor é un libro onde un mozo lembra situacións da súa adolescencia. Este mozo narra diferentes historias mentres observa o solpor. A estrutura do libro é bastante liosa porque hai partes que non teñen ningún sentido e que as conta na metade dunha lembranza. Tamén hai algunhas partes que non acaba de contar ou que son recordos non moi importantes ou interesantes. En si, o libro non me gustou moito, porque me pareceu bastante aburrido, e os capítulos (ou solpores) son tan longos que cansan bastante. Tardei bastante en lelo polo feito de que mentres lías un capítulo, parecía que non ía rematar do longo que era. Pareceume curiosa a forma coa que enlaza a historia de Helena, a moza da que estaba namorado, e a da rapaza que "mira" os solpores ao mesmo tempo ca el. Tamén me pareceu interesante que non se saiba o nome do protagonista en todo o libro. O meu personaxe favorito foi Helena, porque me pareceu unha rapaza agradable e alegre. Pero tamén é bastante estraño que non se saiba a idade dela. En definitiva o libro non me gustou moito, e custoume bastante rematalo. (**Marta**)

O libro de "Helena e o solpor" é unha novela que narra as lembranzas e aventuras que lle aconteceron a un neno (que no libro tamén é o narrador). O nome do neno non aparece no libro, só sabemos que está a pasar pola última etapa da súa adolescencia. Gustaríame que o autor integrase algunha ilustración no transcurso da historia, xa que isto axudaría a interpretación dalgunha parte, e tamén fai o libro máis entretido e ameno. En xeral o libro gustoume bastante e foime doado de ler, xa que non utiliza unha linguaxe complicada, senón unha linguaxe coloquial propio dun neno da nosa idade. Supúxome un pouco empezar a lelo, xa que resultaba un pouco lioso, pero co paso das páxinas foime máis sinxelo. O meu personaxe favorito foi Helena, xa que me pareceu unha moi boa rapaza, e ademais gustoume moito a relación que tiña co protagonista, e se puidera escribir de novo o libro, faría que

estes dous tiveran unha relación amorosa. Tamén me aportou valores moi importantes, como o de gozar da vida como o fai Helena, que neste libro representa o tópico literario do "Carpe Diem". Pareceume un pouco triste a morte dalgúns personaxes durante o transcurso da historia, como o da bisavoa que atendía Helena, o da tía do protagonista ou o da muller do médico (o anterior a Daniel) ou o da historia da muller do médico cos seus fillos (isto fíxome pensar sobre os males que pode provocar o alcohol). En definitiva, gustoume moito o libro, fíxoseme moi rápido de ler, e aportoume algúns valores que moita xente da miña idade necesitaría.

**(Jorge)**